

## Informe sobre aplicación complementaria do Plan Básico Autonómico de Galicia, posibilidade de instalar paneis solares fotovoltaicos para autoconsumo en solo de núcleo rural nunha parcela distinta á da edificación á que están vinculados e recuamento mínimo de piscinas en solo rústico (Concello de Moraña – Expediente XCP-23/073)

### ANTECEDENTES

**ÚNICO.-** O 22.11.2023 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (núm.2023/3106786) oficio do alcalde de Moraña no que solicita informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre as seguintes cuestións, relativas a unha parcela clasificada como solo de núcleo rural:

*"[...] O artigo 64 do PXOM establece os parámetros urbanísticos relativos á ordenanza 6 de solo de núcleos rurais, e no punto 3.c) regúlanse os referentes a parcela mínima: "Parcela mínima de 600 m<sup>2</sup>. Considerarase computable a efectos de parcela mínima exixida, parte da superficie da parcela susceptible de edificación que estea incluída en ordenanza de protección. A edificación haberá de situarse obrigatoriamente sobre a porción de parcela en Ordenanza n<sup>o</sup>6 debéndose manter o resto da parcela, cualificada con algún tipo de protección, nas condicións naturais que motivaron a mesma. Neste suposto establécese como porción mínima de parcela edificada na Ordenanza n<sup>o</sup>6 a que teña unha superficie igual ou superior a 300 m<sup>2</sup>".*

*O PXOM vixente non establece a posibilidade de omitir o cumprimento deste parámetro urbanístico con carácter excepcional en parcelas residuais que non acadando a superficie mínima se atopan rodeadas de parcelas xa edificadas, ademais de camiño público.*

*E polo que,*

**SOLICITO:**

*1.- Á vista do exposto, solicítase informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre a viabilidade de aplicar o artigo 216 do Decreto 83/2018 do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBA) nestes casos concretos de parcelas que non acaden a superficie mínima exixida polo PXOM pero lindan con parcelas xa edificadas e camiños, e que tampouco se atopan no suposto excepcional dunha parcela con dúas ordenanzas distintas para a que o propio PXOM prevé unha superficie mínima de 300 m<sup>2</sup>.*

*2º.- Tamén en relación coa mesma parcela, solicítase que se informe sobre a viabilidade con carácter xeral de instalar paneis solares fotovoltaicos para autoconsumo en solo de núcleo rural, situados nunha parcela distinta á da edificación para a cal se vincula dita instalación e se esa parcela na que se implante a instalación necesita cumprir a superficie mínima de parcela, e os paneis cumprir co recuado a lindeiros exixido pola ordenanza.*

*3º.- Por último, tamén se solicita se informe sobre a necesidade de cumprir o recuado mínimo de 5,00 m para piscinas en Solo Rústico, cando estas se atopan totalmente enterradas respecto da rasante natural do terreo, tendo en conta que o artigo 41.2 do PBA permite que as construcións baixo rasante poidan ocupar os espazos correspondentes á separación a lindeiros".*



## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.-** Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

**SEGUNDA.-** O Concello de Moraña conta con Plan xeral de ordenación municipal (en adiante, PXOM) aprobado definitivamente o 03.08.2001, publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 157, do 14.08.2001 e a súa normativa no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* núm. 166, do 29.08.2001.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (no sucesivo, LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, establece no seu apartado segundo o seguinte:

*"O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:*

[...]

*c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás o que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

*d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico".*

Respecto da letra c), cómpre ter en conta que o apartado 1 da disposición transitoria segunda do Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (no sucesivo, RLSG), puntualiza que *"enténdese que resultan de aplicación neste caso as maiores limitacións que se regulen no planeamento respectivo, referidas aos parámetros urbanísticos ou posibilidades de utilización, sen prexuízo do réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural, que será, en todo caso, o establecido nos artigos 36 a 40".*

**TERCEIRA.-** A primeira cuestión controvertida refírese á posibilidade de aplicar complementariamente o Plan Básico Autonómico de Galicia (no sucesivo, PBA), aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo, nos casos de parcelas lindeiras con parcelas xa edificadas e camiños que non acadan a superficie mínima exixida polo PXOM e que non se atopan no suposto excepcional de parcelas afectadas por dúas ordenanzas distintas.



O artigo 64 do PXOM, relativo á Ordenanza 6 do solo de núcleos rurais, establece no seu núm. 3.c), unha parcela mínima de 600 m<sup>2</sup> e engade que "... Considerarase computable a efectos da parcela mínima exixida, parte da superficie da parcela susceptible de edificación que estea incluída en ordenanza de protección. A edificación deberá de situarse obrigatoriamente sobre a porción de parcela edificada na Ordenanza n<sup>o</sup> 6 debéndose manter o resto da parcela, cualificada con algún tipo de protección, nas condicións naturais que motivaron a mesma.

*Neste suposto establécese como porción mínima da parcela edificada na ordenanza n<sup>o</sup> 6 a que teña unha superficie igual ou superior a 300 m<sup>2</sup>.*

Pola súa banda, o artigo 216 do PBA, encadrado na Ordenanza reguladora do solo de núcleo rural común, refírese ao parámetro da parcela mínima nos seguintes termos:

*"A existente, sempre que permita unha edificación axustada ao resto das condicións urbanísticas aplicables. Para efectos de parcelación ou normalización de fincas, a superficie mínima será de 600 m<sup>2</sup>.*

*No caso das edificacións en ringleira, o ámbito mínimo para a realización do estudo de detalle será de 1.500 m<sup>2</sup>, non podendo producirse parcelas inferiores a 300 m<sup>2</sup>, na oportuna parcelación".*

Pois ben, conforme ao artigo 8.2 do PBA, este instrumento terá carácter complementario do planeamento urbanístico municipal naqueles concellos nos que exista. En virtude deste carácter complementario, será de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente, sen que en ningún caso se poida modificar a clasificación do solo nin alterar as determinacións do planeamento que complementa.

A análise das previsións recollidas no planeamento municipal determina a imposibilidade de aplicar o artigo 216 do PBA con carácter complementario polos seguintes motivos:

- En primeiro termo, o artigo 216 non regula ningún suposto excepcional por imposibilidade material de cumprir algún condicionante urbanístico, dado que ese precepto establece a aplicación xeral do parámetro de parcela mínima exixible a efectos de edificar que, para calquera suposto, é *"a existente, sempre que permita unha edificación axustada ao resto das condicións urbanísticas aplicable"*.

O PXOM incorpora unha regulación completa dese parámetro de posición e o PBA non pode, en ningún caso, alterar as determinacións do planeamento que, de ser o caso, complementa, ao tempo que o artigo 39 do Título III *"Normas e ordenanzas reguladoras"* da normativa do PXOM, atribúe carácter taxativo á definición de parcela mínima, xa que establece:

*"A efectos deste Plan, cantas veces se empreguen os termos que a continuación se indican, terán o significado que taxativamente se expresan nos apartados seguintes :*

[...]

**PARCELA MÍNIMA.** *É a superficie mínima de terreo que as Ordenanzas esixen para autorizar a edificación".*

- En segundo lugar, aínda que o artigo 64 do PXOM, relativo á Ordenanza 6 do solo de núcleos rurais, non recolle excepcións respecto do cumprimento da parcela mínima para o suposto de fincas situadas entre dúas xa edificadas, a dita omisión non pode cualificarse de lagoa ou



indeterminación dado que esta situación de feito foi efectivamente considerada noutros apartados da normativa urbanística do PXOM.

Así, os artigos 56 e 57, que regulan as Ordenanzas 1 e 2, de solo urbano de alta e media densidade, respectivamente, permiten exceptuar do cumprimento de parcela mínima *“única e exclusivamente para aquelas parcelas que se atopen entre dúas xa edificadas no momento de presentar a solicitude de licenza, previa autorización municipal”*.

En sentido contrario, esta posibilidade non se recolle na Ordenanza 3, de solo urbano de baixa densidade, polo que cabe concluir que o PXOM determina nalgunhas ordenanzas una negación tácita da posibilidade de edificar sobre parcelas de dimensión inferior a superficie mínima, aínda que se atopen entre parcelas xa edificadas sendo inviable unha reconfiguración.

Neste sentido pronunciouse, nun suposto análogo, a Comisión Permanente da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo no informe emitido o 31.07.2023 (Expediente XCP-23/031-Concello de Noia), publicado na páxina web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e dispoñible na seguinte ligazón:

<https://territoriourbanismo.xunta.gal/gl/xunta-consultiva/informes-instruccion-estudios/relacion-informes-publicados>

**CUARTA.-** En segundo termo, o concello consulta sobre a viabilidade de instalar paneis solares fotovoltaicos para autoconsumo en solo de núcleo rural nunha parcela distinta á da edificación á que están vinculados e condicións xerais exixibles para tal efecto, concretamente a superficie mínima da parcela e cumprimento do recuamento a lindeiros

Cómpre advertir que a consulta municipal se circunscribe á instalación de paneis solares fotovoltaicos para autoconsumo, polo que haberá que estar, no tocante á súa definición e modalidades de subministración, ao disposto na normativa sectorial, nomeadamente na *Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico* e no *Real decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica* define como de *instalacións de produción próximas*.

Con carácter xeral, a instalación de paneis solares fotovoltaicos para autoconsumo considérase un uso complementario dos previstos no artigo 25 da LSG para o solo de núcleo rural. Agora ben, non cabe confundir o autoconsumo de enerxía eléctrica coa instalación dunha planta fotovoltaica, a cal, segundo manifestou a Comisión Permanente da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo no seu informe do 24.01.2023 (Expediente XCP-22/045 – Concello de Ponte Caldelas), non ten encaixe nos usos permitidos nos artigos 25 da LSG e 39 do RLSG para esta clase de solo.

Exposto o que antecede, as dúbidas municipais derivan neste caso da viabilidade de instalar os paneis solares nunha parcela distinta á das edificacións ás que prestan subministración.

Tal e como se apuntou na consideración xurídica segunda deste informe, o réxime transitorio previsto na LSG e no seu regulamento determina a aplicación ao solo de núcleo rural das maiores limitacións que se regulen no planeamento respectivo, referidas aos parámetros



urbanísticos ou posibilidades de utilización, sen prexuízo do réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural previsto na lei e no seu regulamento.

Pois ben, o artigo 64 da normativa do PXOM ("Ordenanza núm. 6 do solo de núcleos rurais") refírese aos usos compatibles no solo de núcleo rural nos seguintes termos:

*"Autorizaranse os seguintes usos compatibles cos autorizados por esta Ordenanza como propios do medio rural e da vivenda unifamiliar: Turismo rural; Comercial, categoría 1ª e 2ª; Oficinas; Salas de reunións; Relixioso; Cultural; Deportivo; Sanitario; Educativo; Asistencial; Industrial, 1ª e 2ª; Garaxe-aparcamento, vinculado á vivenda, ao uso hostaleiro ou de turismo rural e ao industrial; Hostaleiro, categoría 2 e turismo rural".*

Como pode observarse, o precepto transcrito non recolle expresamente como uso compatible no solo de núcleo rural o destinado á produción de enerxía eléctrica, polo que non é posible autorizar unha instalación para o aproveitamento de enerxía solar destinada a autoconsumo nunha parcela que non estea asociada á edificación que materialice o uso permitido polo planeamento.

Sen prexuízo do anterior, a implantación de usos permitidos no solo de núcleo rural deberá cumprir os parámetros urbanísticos previstos no planeamento municipal, nomeadamente a superficie mínima de parcela referida na consideración xurídica terceira deste informe, así como o recuamento a lindeiros definido no artigo 39 da normativa do PXOM.

**QUINTA.-** Para concluír, o Concello de Moraña consulta sobre a necesidade de cumprir o recuamento mínimo de 5 m para piscinas en solo rústico, cando estas se atopan totalmente soterradas respecto da rasante natural do terreo, tendo en conta que o artigo 41.2 do PBA permite que as construcións baixo rasante poidan ocupar os espazos correspondentes á separación a lindeiros.

Respecto deste extremo, convén incidir en que o réxime transitorio previsto na LSG determina que o réxime aplicable ao solo rústico en todos os municipios con planeamento anterior á mesma e non adaptado á dita lei sexa o establecido nos artigos 31 e seguintes da LSG e 45 e seguintes do seu regulamento, sen prexuízo da aplicación, de ser o caso, do PXOM no relativo a aspectos como as características tipolóxicas, estéticas e construtivas, e os materiais, as cores e os acabamentos, tal e como resulta do artigo 130.2 do RLSG.

Neste sentido pronunciou a Comisión Permanente da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo nos informes emitidos o 26.09.2022 (Concello de San Sadurniño-Expediente XCP-22/012) e 30.01.2024 (Concello de Cuntis- Expediente XCP-23/074) publicados na páxina web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e dispoñibles na seguinte ligazón:

<https://territoriourbanismo.xunta.gal/gl/xunta-consultiva/informes-instruccion-estudios/relacion-informes-publicados>

Aclarado o anterior, o artigo 39 da LSG enumera as condicións que deben cumprirse para obter o título habilitante municipal de natureza urbanística ou a autorización autonómica para implantar os usos admisibles no solo rústico.



Nomeadamente, a letra d). 5ª) do citado precepto establece que *"Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento e, en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros agás que se trate de parcelas da mesma titularidade e se inscriba no Rexistro da Propiedade a súa indivisibilidade"*.

As anteriores consideracións permiten concluír que non cabe a aplicación complementaria das condicións de posición do artigo 41.2 do PBA ao solo rústico por canto o réxime aplicable a esta clase de solo dimana directamente da LSG e do seu regulamento.

## CONCLUSIÓN

1. A Ordenanza núm. 6 do solo dos núcleos rurais da normativa do PXOM de Moraña contén unha regulación completa da superficie mínima exixible no solo de núcleo rural común, polo que non se aprecia ningunha indeterminación ou lagoa que xustifique a aplicación complementaria do artigo 216 do PBA nos casos de parcelas lindeiras con parcelas xa edificadas e camiños que non acadan a superficie mínima exixida polo PXOM.
2. A instalación de paneis solares fotovoltaicos para autoconsumo nunha parcela que non estea asociada á edificación que materialice o uso permitido polo planeamento urbanístico non resulta compatible coa regulación de usos permitida na Ordenanza 6 do solo dos núcleos rurais da normativa do PXOM de Moaña.
3. As condicións de posición do artigo 41.2 do PBA non resultan aplicables a unha piscina que se pretenda executar no solo rústico, que non está exenta de separarse aos lindes de parcela nas condicións establecidas no 39.d).5ª) da LSG.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

